

4. HOSPITAL AUTOSOSTIBLE

Deseño do modelo de xeración enerxética idóneo para un hospital, co obxectivo de **mellorar a eficiencia enerxética e a diminución de consumos**.

O sistema contempla:

- Pulo do uso e integración viable de **enerxías renovables** como a biomasa.
- Fomento de sistemas de **almacenamento e óptima xestión automatizada** de recursos.
- Optimización do **retorno de investimento** neste tipo de actuacións.
- Incorporación das últimas **innovacións tecnolóxicas** do mercado, para liderar un novo rol proactivo dende o eido sanitario.

As probas piloto foron realizadas na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de **Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras**.